

## CONCURSO DE CARTELES

### IV “O VIÑO, UN COMPAÑEIRO DE VIDA”

**I. TEMA:** o cartel a realizar deberá ilustrar a 4ª edición do evento “O viño, un compañeiro de vida”, do Concello de Beade (Ourense).

**II. PARTICIPACIÓN:** aberta a todo tipo de deseñadores e artistas, tanto profesionais como particulares.

**III. FORMATO:** cartel tamaño A3, orientación vertical.

**IV. PRESENTACIÓN E PRAZOS:** os autores que se presenten a concurso deberán enviar o seu deseño en formato dixital (JPG ou PNG) ao email [info@beade.es](mailto:info@beade.es) antes do 15 de abril de 2026 ás 23:59.

O correo electrónico remitido, ademais do propio cartel, deberá conter a seguinte información: nome do autor e/ou empresa, lugar de procedencia, teléfono de contacto, email de contacto e documento de identidade. A organización remitirá un email confirmando a correcta recepción da inscrición.

Os participantes non poderán facer públicos os carteis ata a semana posterior ao día do anuncio do cartel gañador. Calquera cartel que sexa mostrado de forma pública, antes de que o gañador sexa publicado polo Concello, supoñerá que tanto o cartel presentado como o seu autor quedarán fóra do concurso.

Os carteis que non se axusten ás bases nalgún dos puntos da presentación serán eliminados automaticamente.

**V. CONTIDO:** a obra deberá conter, de forma destacada, o título de “IV ‘O viño, un compañeiro de vida’”, así como a data de celebración, que será o 16 de maio de 2026. Ademais, deberá deixarse un espazo libre para a posterior inserción dos logotipos de organismos e empresas colaboradoras.

Poderán realizarse con calquera técnica pictórica, informática, fotográfica... A temática é libre, pero sempre en relación co pobo de Beade e a súa tradición vitivinícola. De feito, valorarase que o deseño do cartel permita incluír nel o nome das distintas adegas locais participantes no evento.

**VI. PREMIOS:** o autor do cartel gañador recibirá un lote de produtos das adegas participantes como agradecemento ao seu traballo e achega.

**VII. ELECCIÓN:** o xurado estará composto por persoas relacionadas coas adegas participantes e do Concello e escollerá, por votación, a obra gañadora de entre todas as presentadas. O xurado poderá falar co autor da obra por se fose necesario facer algún tipo de pequena modificación na creación. O fallo do concurso farase público o máis axiña posible, unha vez finalizado o prazo de presentación de deseños. Así mesmo, o concurso poderase declarar deserto en caso de non alcanzar a calidade desexada nos carteis presentados.

**VIII. CESIÓN DE DEREITOS:** o gañador, polo mero feito de participar, acepta expresamente ceder ao Concello de Beade todos os dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos presentados ao concurso. O Concello de Beade comprométese a indicar o nome do autor e respectar os demais dereitos morais que correspondan ao autor, cada vez que se faga uso da obra, sempre de acordo cos límites da cesión recollida nas presentes bases.

Os concursantes serán responsables dos contidos dos traballos e declaran que non existen dereitos de terceiros nos traballos presentados, ou que en caso de existir, contan coas correspondentes autorizacións expresas e por escrito para a súa utilización a través das obras e con facultades suficientes para a súa cesión a terceiros, incluídos os dereitos de imaxe das persoas que puidesen intervir nos traballos. Os concursantes responsabilizaranse sempre e en todo caso de calquera posible reclamación que xurda pola utilización dos mesmos, incluída toda reclamación por dereitos de imaxe.

O feito de participar neste concurso supón a aceptación total destas bases.

**IX. PROTECCIÓN DE DATOS:** os datos persoais facilitados para este concurso serán incorporados a un ficheiro do Concello de Beade que será utilizado para a xestión do mesmo. En calquera caso, os participantes contan con dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos seus datos, que poderán exercitar por correo electrónico na seguinte dirección: [info@beade.es](mailto:info@beade.es).